



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CAMBRE

Modificación da relación de postos de traballo do Concello de Cambre no relativo ao persoal eventual

O Pleno municipal, en sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2024, acordou aprobar inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo para cambiar a denominación do posto de persoal eventual de asesor/a de Patrimonio polo de asesor/a de Servizos Sociais e Recursos Humanos modificando a súa xornada de traballo de tempo parcial pola xornada de traballo a tempo completo, para cambiar a denominación do posto de persoal eventual de asesor/a de Deportes polo de asesor/a de Cultura, Deportes e Xuventude, para cambiar a denominación dos postos de persoal eventual de secretario/a de Obras e Servizos e de asesor/a de Medio Ambiente e Mobilidade pola de asesores/as de Obras, Servizos, Urbanismo, Transportes e Medio Ambiente, e para modificar a xornada a tempo completo dun dos postos de asesores de Alcaldía por outra a tempo parcial do 85% da xornada laboral.

De conformidade co artigo 202 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, ábrese un prazo de 20 días para información pública e audiencia aos interesados, co fin de que poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen pertinentes.

Transcorrido o dito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se formularon reclamacións, suxestións ou alegacións, e será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia. En caso contrario, a modificación da relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, logo da resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

Poden consultar este acordo e o expediente no taboleiro de anuncios electrónico e no Portal de Transparencia municipais, aos cales se pode acceder a través da sede electrónica municipal (<https://sede.cambre.es/>), así como nas dependencias de Réxime Interior sitas na casa consistorial (rúa Adro, 1 -15660 Cambre).

Cambre, a 23 de agosto de 2024

A concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos

PD. (R.A. núm. 469/2024, do 12 de abril)

María Yolanda Díaz Baldomir

2024/5969